

### Labrando, hoxe e sempre

Alumnado de EI, 1º e 2º de EP do CEIP San Xoán de Filgueira.

Poñer en valor a riqueza cultural galega é un dos piares que sustentan a nosa escola. Achegar ás crianzas á lingua e ás tradicións está presente cada día nas nosas aulas. Sabemos que nós, como profesorado, temos nas nosas mans o poder de manter viva unha cultura que ás veces parece quedar parcialmente relegada ao fenómeno da globalización.

Ao longo deste curso estamos traballando o Proxecto Educativo “Sementando valores, o valor de sementar”, co cal perseguimos o achegamento do alumnado ao horto, aos procesos de semente e coidado das prantas, sen perder de vista o crecemento emocional individual e o sentimento de pertenza ao grupo. Por iso, cando o proxecto de *Somos Rurais* chegou aos nosos oídos, non quixemos perder a oportunidade de participar, posto que coincide co noso obxectivo anual e a longo prazo.

O tema do proxecto era moi amplo, polo que tivemos que acotalo, concretar e centrar os nosos esforzos e os do noso alumnado. Decidimos enfocalo cara ao patrimonio oral tan marabilloso que temos vencellado á agricultura, especialmente aos aparellos de labranza.

Ben sabido é que os nomes dos aparellos nada teñen que ver entre as zonas de costa e o interior, o Courel ou a Ribeira Sacra...

E xustamente con iso nos puxemos mans á obra. Tanto o profesorado como o alumnado tiñamos a encomenda de investigar entre a nosa familia, veciñanza e persoas achegadas sobre os aparellos de labranza, os seus usos e os nomes que tiñan para cada un deles. Á vez que descubriamos novas ferramentas, achegabámonos ás nosas familias, a coñecer un pouco máis da súa historia, a vivir os momentos dos faladoiros onde se contaban tantas e tantas anécdotas, herdadas de xeración en xeración. Porque se ben é certo que nos parece moi interesante o mundo da agricultura, máis nolo parece o de coñecer mellor á rede de persoas que nos rodean. Que o ritmo axitado de vida que levamos actualmente ás veces parece incompatible co devagar do tempo no campo, con parar e tomarse unhas horas para charlar do día a día, do que facer e de contar esas historias pasadas da voz dos nosos maiores que tanta aprendizaxe e sentido aportan ao noso día a día.

Pasamos semanas, buscando e poñendo en común os coñecementos descubertos arredor desta temática. O alumnado achegaba vídeos presentando ferramentas, fotos e traballos sobre os seus usos. Chegaban cada día ás aulas desexando mostrar ás compañeiras e aos compañeiros o avance das súas investigacións, as cales eran escoitadas de bo agrado polo resto da clase.

Tamén nos percatamos que a día de hoxe temos moito alumnado que non ten acceso a esta información, polo que a decisión estaba clara. Ademais de todas as investigacións individuais, as mestras tiñamos a misión de achegar toda esta riqueza cultural ao noso alumnado. E así o fixemos. Reunidos no patio da escola, presentamos algunhas ferramentas de uso común nos fogares rurais galegos cos seus nomes variados. Puxémonos en situación e explicamos en que momento e de que forma se empregan, e por suposto cada un deles tivo a oportunidade de vivilo de primeira man.

Aprendimos así que o que para uns é unha galleta, para outras é un galleto ou unha horquilla. O mesmo pasaba coa picaraña ou o picón. E por suposto co plantón ou pala cadrada.

O que temos clarísimo é que este traballo non se detén coa presentación deste proxecto, senón que este soamente é o punto de partida dunha gran investigación que está por vir. Chegarán as avoas á escola? Poderemos ver de primeira man ferramenta máis antiga? Faremos entrevistas ás nosas veciñas? Poñeremos en práctica todos estes usos na nosa hortiña?

A resposta é un gran si. Ou ese é o noso obxectivo. Seguir poñendo en contacto ao alumnado con toda a comunidade educativa e coas súas familias, seguir aprendendo da tradición oral que nos rodea e establecendo lazos que sosteñan esta rede de persoas que sempre está en continua creación. Manter esa conexión cos nosos costumes, coa nosa herdanza cultural e mantela viva, xeración tras xeración, conectando presente, pasado e futuro.